



Formación profesional

Adaptación na programación para a finalización do curso 2019-2020

Centro educativo

Código	Centro	Curso académico
27015891	IES TERRA CHA "JOSÉ TRAPERO PARDO"	2019-2020

Ciclo formativo

Código	Nome
CMAGA04	APROVEITAMENTO E CONSERVACIÓN DO MEDIO NATURAL

Módulo profesional

Código	Nome
MP0404	FUNTAMENTOS AGRONÓMICOS

Alumnado

Réxime	Modalidade	Grupo
ORDINARIO	PRESENCIAL	PRIMEIRO CICLO MEDIO

Docente (se procede, indicar o nome e os apelidos)

Nome e apelidos
SUSANA HERMIDA MASEDA

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso 2019-2020, nos centros da Comunidade Autónoma de Galicia.

1. Criterios de avaliación do terceiro trimestre afectados (por cada unidade didáctica)

1.1 Identificación da unidade didáctica

Só se indican as que se viron en todo ou en parte afectadas pola suspensión das clases presenciais

Nº	Unidade didáctica			
5	A AUGA NO SOLO E A REGA			
Resultado de aprendizaxe	Criterio de avaliación	Imprescindible (si, non)	Desenvolveras e neste curso (si, non)	Instrumento de avaliación
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Determina as necesidades hídricas das especies, analizando a relación entre auga, solo e planta 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Valórase a procedencia e a calidade da auga de rega 	NON	NON	Táboa de observación: Toma de mostras de auga do solo
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Valórase a capa freática do solo 	SI	NON	Táboa de observación: Capa freática do solo
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Determinouse a capacidade de retención de auga no solo 	SI	NON	Táboa de observación : Datos de análise do solo
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Calculouse a velocidade de infiltración da auga no solo 	SI	NON	Lista de cotexo: Infiltración da auga no solo
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Determinouse a evapotranspiración da planta 	SI	NON	Lista de cotexo: Mostrs de planta
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Calculouse a dose e a frecuencia da rega 	SI	NON	Proba escrita : Dose e frecuencia de rega
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Descríbense os sistemas de rega en función das características do solo, a auga, a planta e a topografía 	SI	NON	Proba escrita : Cuestionarios sobre sistemas de rega
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Interpretouse a normativa ambiental 	SI	NON	Proba escrita : Normativa de rega



Nº	Unidade didáctica			
6	TOPOGRAFÍA AGRARIA			
Resultado de aprendizaxe	Criterio de avaliación	Imprescindible (si, non)	Desenvolveras e neste curso (si, non)	Instrumento de avaliación
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Realiza a representación básica das características topográficas do terreo, e xustifica as técnicas utilizadas 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Recoñecéronse as unidades de medida en topografía 	SI	NON	Proba escrita : Exercicios de resolución práctica
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Interpretáronse mapas topográficos e planos 	SI	NON	Proba escrita : Planos e mapas topográficos
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Relacionáronse as curvas de nivel coa implantación de especies vexetais e a erosión do solo 	NON	NON	Proba escrita : Plano s e mapas topográficos
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Utilizáronse os instrumentos e os aparellos de medición 	SI	NON	Lista de cotexo : Sobre os propios aparellos no terreo
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Rexistráronse os datos da medición 	NON	NON	Táboa de observación : Sobre as libretas topográficas
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Realizouse o esbozo da parcela coa súa cotación 	NON	NON	Lista de cotexo : Sobre plano
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Debuxouse o plano da parcela a diferentes escalas 	SI	NON	Lista de cotexo : Sobre plano
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Realizouse a marcaxe dos puntos no terreo 	NON	NON	Lista de cotexo : Sobre o terreo
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Aplicouse a normativa de prevención de riscos laborais 	SI	NON	Proba escrita : Sobre a utilización de aparellos topográficos	



Nº	Unidade didáctica			
7	ECOLOXÍA E PRODUCCIÓN ECOLÓXICA			
Resultado de aprendizaxe	Criterio de avaliación	Imprescindible (si, non)	Desenvolveras e neste curso (si, non)	Instrumento de avaliación
<ul style="list-style-type: none"> Recoñece as características dos ecosistemas da área máis próxima, analizando as interrelacións bióticas. 	<ul style="list-style-type: none"> Analizáronse as comunidades bióticas dos ecosistemas do contorno 	SI	NON	Proba escrita : Ecosistemas do contorno
	<ul style="list-style-type: none"> Definíronse as redes tróficas da zona 	SI	NON	Proba escrita : Redes tróficas do contorno
	<ul style="list-style-type: none"> Estudouse o fluxo enerxético do contorno e determináronse as súas características 	NON	NON	Proba escrita : Fluxo enerxético do contorno
	<ul style="list-style-type: none"> Identificáronse os recursos naturais existentes 	SI	NON	Proba escrita : Recursos naturais existentes
	<ul style="list-style-type: none"> Relacionouse co ecosistema a incidencia da actividade agropecuaria 	NON	NON	Proba escrita : Incidencia das actividades agropecuarias cos ecosistemas
	<ul style="list-style-type: none"> Valorouse a incidencia da produción ecolóxica sobre o ecosistema 	NON	NON	Táboa de observación : Incidencia da produción ecolóxica sobre o ecosistema

5. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Dada a situación excepcional derivada da presenza do COVID-19 e a imposibilidade de levar a cabo a programación tal e como estaba planificada, e en **RELACIÓN ÁS UNIDADES NON IMPARTIDAS** decídese deixar como mínimos exixibles só os que se corresponden ás capacidades básicas necesarias a adquirir neste módulo para desenrolar as competencias asociadas ó título . Por este motivo, os novos mínimos exixibles , que se deberan de tratar de acadar en canto a situación o permita, son:



RELACIONADOS CO RESULTADO DE APRENDIZAXE *Determina as necesidades hídricas das especies, analizando a relación entre auga, solo e planta:*

- a - **Determinar a evapotranspiración da planta**
- b - **Calcular a dose e a frecuencia da rega**
- c - **Describir os sistemas de rega en función das características do solo, a auga, a planta e a topografía**

RELACIONADOS CO RESULTADO DE APRENDIZAXE *Realiza a representación básica das características topográficas do terreo, e xustifica as técnicas utilizadas*

- a - **Recoñecéronse as unidades de medida en topografía**
- b - **Interpretáronse mapas topográficos e planos**
- c - **Debuxouse o plano da parcela a diferentes escalas**

Non se prebé poder impartir estes novos contidos neste curso por ter dificultades de conectividade algúns alumnos que habitan en entornos rurais, polo que se deberan incorporar o curso que ven ou valorar a adquisición das competencias noutros módulos. A nota que obteñan os alumnos neste curso non se virá perxudicada por non acadar agora estes mínimos, non se terán en conta na nota do módulo máis que as unidades que foron traballadas durante as clases presenciais.

ADAPTACIÓN DE MÍNIMOS EXIXIBLES DAS UNIDADES IMPARTIDAS E CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

As actividades na terceira avaliación irán centradas no reforzo para os alumnos que teñan aprobado o módulo e no reforzo e recuperación para os que non acadaran os criterios para acadar a valoración positiva na segunda avaliación. Céntranse nas unidades traballadas durante as clases presenciais. Serán actividades consistentes en exercicios de repaso e reforzo que se lles enviarán ó correo electrónico e se poñen na aula virtual do centro, tendo entón acceso indistintamente das dúas maneiras.

Realízase un axuste tamén dos mínimos exixibles das unidades traballadas presencialmente para conquistar superar o módulo. Éstes veñen reflexados nas táboas do apartado 6 para cada unidade didáctica. As actividades de repaso céntranse nos mínimos a acadar.

Respecto ós alumnos que teñan suspenso o módulo de acordo coa nota da avaliación continua da segunda avaliación, realizaranse probas telemáticas e de cumprimentación de cuestionarios de exercicios das partes non superadas.



As probas basearanse nestas ensinanzas mínimas, e si o alumno supera as probas e cumprimenta correctamente os cuestionarios de exercicios obterá a calificación de 5 tanto na terceira avaliación como na final.

Proporcionanse ós alumnos actividades de repaso para afianzar os contidos e prepararse para as probas. Céntranse nas unidades traballadas durante as clases presenciais. Estes exercicios cando son enviados son correxidos e devoltos ós alumnos coas correccións explicadas. Os alumnos teñen a posibilidade de plantexar dúbidas ou expoñer os problemas que puideran ter por correo electrónico a calquer hora ou telefónicamente nunha franxa horaria.

No caso de que un alumno non supere algunha ou varias das probas ou cuestionarios de exercicios (non acada o 5) pero ten unha calificación de máis de un 4 nelas, si envía feitas as actividades de repaso se terá en conta para acadar o 5.

Os alumnos que teñan o módulo aprobado na segunda avaliación, poden realizar as actividades de repaso. Isto suporá un aumento de ata 1,5 na media calculada para a nota global das dúas primeiras avaliacións, o que supón en enteiros obter un ou dous puntos máis na nota. O cálculo farase tendo en conta o número de actividades realizadas cunha corrección suficiente como para telas aprobadas (polo menos a metade ben realizada).

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

Critérios de avaliación imprescindibles (por cada unidade didáctica)

Nº	Unidade didáctica			
1	Botánica			
1ª aval.	2ª aval.	Resultado de aprendizaxe	Criterio de avaliación	Instrumento de avaliación
x		<ul style="list-style-type: none"> Identifica as especies vexetais seguindo os criterios taxonómicos 	<ul style="list-style-type: none"> Identificáronse os tipos de tecidos vexetais 	Proba telemática e Lista de cotexo : actividades de repaso tecidos vexetais
x			<ul style="list-style-type: none"> Identificouse a estrutura, morfloxía e a anatomía das plantas 	Proba telemática e Lista de cotexo : actividades de repaso estrutura das plantas
x			<ul style="list-style-type: none"> Descríbíronse os procesos fisiolóxicos dos vexetais 	Proba telemática e Lista de cotexo : actividades de repaso procesos fisiolóxicos
Nº	Unidade didáctica			
2	Climatoloxía e relación coas actividades agrarias			
1ª aval.	2ª aval.	Resultado de aprendizaxe	Criterio de avaliación	Instrumento de avaliación
x		<ul style="list-style-type: none"> Caracteriza o clima e os seus efectos sobre os cultivos, analizando as informacións dispoñibles 	<ul style="list-style-type: none"> Descríbíronse os meteoros que infúen na agricultura 	Proba telemática e Lista de cotexo : actividades de repaso meteoros
x			<ul style="list-style-type: none"> Interpreouse a información reunida da serie histórica das variables climáticas da zona 	Proba telemática e Lista de cotexo : actividades de repaso análise climático
x			<ul style="list-style-type: none"> Interpretáronse mapas meteorolóxicos 	Proba telemática e Lista de cotexo : actividades de repaso mapas meteorolóxicos

Nº	Unidade didáctica			
----	-------------------	--	--	--



3		Os solos como soporte dos cultivos		
1ª aval.	2ª aval.	Resultado de aprendizaxe	Criterio de avaliación	Instrumento de avaliación
	x	<ul style="list-style-type: none"> Identifica tipos de solos e as súas características, interpretando os datos obtidos mediante análise 	<ul style="list-style-type: none"> Descríbóronse as propiedades físicas, químicas e biolóxicas do solo 	PE : Manexo do triángulo de textura
	x		<ul style="list-style-type: none"> Caracterizáronse os tipos de solo 	LC : Perfil do solo
Nesta unidade os mínimos fixados na situación actual xa foron acadados durante todos os alumnos durante o tempo presencial, mediante o manexo do triángulo de textura e a lista de cotexo para o análise dun perfil. Por isto para esta unidade non se realizan probas telemáticas sin realización de cuestionarios de actividades.				
Nº	Unidade didáctica			
4		A nutrición das plantas. Fertilización.		
1ª aval.	2ª aval.	Resultado de aprendizaxe	Criterio de avaliación	Instrumento de avaliación
	x	<ul style="list-style-type: none"> Caracteriza os fertilizantes, para o que recoñece o seu uso 	<ul style="list-style-type: none"> Identifícanse os elementos nutritivos para as plantas 	Lista de cotexo : Cuestionarios de exercicios e Lista de cotexo : actividades de repaso fertilizantes
	x		<ul style="list-style-type: none"> Descríbóronse as propiedades de cada tipo de fertilizante 	Lista de cotexo : Cuestionario de exercicios e Lista de cotexo : actividades de repaso fertilizantes
	x		<ul style="list-style-type: none"> Descríbiuse o comportamento dos fertilizantes no solo e a súa incorporación á planta. 	Lista de cotexo : Cuestionarios de exercicios e Lista de cotexo : actividades de repaso fertilizantes

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

As actividades de recuperación realízanse para os alumnos que teñan o módulo suspenso, contando o resultado ata a segunda avaliación. As actividades de recuperación das unidades 1 e 2 serán unha proba telemática mediante formulario que lles chega ó correo electrónico e cun tempo acotado para facelo. Haberá unha proba por cada unidade.



A unidade 4 será a través de un cuestionario de exercicios que se lles envía ó correo e que deben enviar resolto.

No caso da unidade 3 os novos mínimos fixados por mor da situación actual foron acadados por todos os alumnos durante as clases presenciais.

Si os alumnos acadan a lo menos un 5 nas probas e no cuestionario terán unha calificación de 5. Si acadan un 4 en algunha proba ou o cuestionario e entregan a maioría das actividades de repaso relacionadas correctamente cubertas, terán a calificación de 5.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito á avaliación continua

Na medida do posible esta proba realizarase de maneira presencial, pero si é imposible enviarase un formulario ó correo electrónico para a cumprimentación. Establecerase un tempo para a súa realización entre 2 e 3 horas., e se terán en conta os criterios de avaliación descritos na programación con carácter xeral.

8. Medidas de atención á diversidade

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Non hai alumnado con medidas de atención á diversidade neste módulo.